

6002

VISITAS DIARIAS

Edición en galego | Rss

Edición Impresa: Servicios | Diario en PDF | Monográficos

La Voz de Galicia.es

lavoz.es | tienda | empresas

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDAD DINERO ESPAÑA MUNDO OPINIÓN PARTICIPA BLOGS OCIO Y CULTURA SERVICIOS CANALES TIENDA INMO MOTOR EMPLEO

A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra Santiago Vigo Emigración

ENTREVISTA | MARÍA PÉREZ PIÑEIRO
piragüista dAs Torres-Romaría Vikinga

«Cada vez acercámonos máis ao podio mundial de maratón»

A palista catoirense inicia a conta atrás da cita internacional de Portugal tras gañar por cuarta vez o Descenso do Sella en K-2

Pablo Penedo | 30/8/2009

Valoración (0 votos)

O Mundial de Maratón comeza a perfilarse no horizonte inmediato da catoirense María Pérez Piñeiro. A perla das Torres-Romaría Vikinga vén de ser incluída esta semana no listado definitivo da selección española que o vindeiro 18 de setembro defenderá a súa condición de dominadora do maratón internacional na localidade lusa de Crestuma. Será o quinto Mundial consecutivo da especialidade para unha rapaza de 24 anos que soña con culminar ao grande unha excelente tempada coa súa nova compañeira de K-2 Dama Sénior no equipo nacional, a palentina Mara Santos. Xunto a ela, María conquistou o pasado 8 de agosto o seu cuarto título consecutivo no prestixioso Descenso Internacional do Sella.

-Gañar catro descensos do Sella consecutivos non está ao alcance de calquera...

-Non. A verdade é que é un río bastante complicado. Sobre todo para as mulleres, ao estar colocadas cara o final na orde de saída. E o difícil no Sella é a saída, porque hai tanta xente, moito atasco, palistas que se caen á auga...

-¿E como se fai para gañar catro veces, e con dúas parellas diferentes?

-Será que escollín ben as compañeiras. Eu no K-2 vou detrás, e contei sempre con boas compañeiras, que levan moitos anos baixando o Sella. Este ano competín con Mara Santos, que con esta edición xa leva 19 vitorias no Sella, as 18 anteriores en K-1. Mara ten 40 anos, pero segue a ser a mellor muller no K-1 de España en maratón. Os tres anos anteriores participara no Sella con Naiara Gómez -compañeira tamén na selección española de maratón-, pero hai pouco foi mamá, e tomouse un ano sabático.

-E o ano que vén, a repetir...

-Si, a poder ser si. O Sella é unha competición que a nivel nacional ten moitísima repercusión. E nun deporte minoritario coma o noso, gañar o Sella é unha satisfacción, con toda a xente gritando o teu nome, a prensa agardando os gañadores na liña de meta... É unha regata que gusta especialmente gañar.

-Di o seu adestrador nas Torres que ben podería ter competido vostede no Mundial de Pista de Canadá...

-É que Isorna -o técnico das Torres- aínda está resentido porque non se me concederon moitas oportunidades na velocidade desde a anterior Federación Española de Piragüismo. Pero eu supereino. Estou cómoda no maratón. Na selección española de maratón acolléronme ben. Si que che queda unha



María semella ter aos seus 24 anos un longo futuro no piragüismo | M. FERREIRÓS

Noticias + vistas | Videos | Álbumes

1. Un constructor se fuga y deja sin casa en Bergondo a 8 familias
2. Aparece el cadáver de la joven Laura Alonso
3. La autopsia revela que la muerte de Jackson fue un homicidio
4. El Deportivo planta cara al Madrid y asusta al Bernabéu
5. Rescatan el cuerpo de un marinero fallecido al naufragar su barco

Canal Compras - Ver Más

**Tecnología que hipnotiza en Fnac.**
Déjate hipnotizar por ordenadores, Macs, netbooks, pantallas, discos duros... Consultar**Vende tus productos en Ebay anuncios.** Anuncios 100% gratis de forma local y sin intermediarios. Consultar

Busca ofertas y compara precios

Acceso a las categorías

[Televisores](#) [Portátiles](#) [Moda](#)
[Imagen & Sonido](#) [Deportes](#) [\[+Más\]](#)

AHORA EN PORTADA DE LAVOZ.ES

- El ex novio de Laura Alonso ingresa en prisión imputado de un delito de homicidio
- Polonia inicia los actos del 70 aniversario de la II Guerra Mundial
- Agosto es el peor mes del 2009 y de todo el 2008 en las carreteras gallegas
- Aguirre rectifica sus declaraciones de que las escuchas las hacía Rubalcaba
- Stallone encarnará a Rambo por quinta vez

espiniña cravada. Era cuestión de estar no momento xusto. Alédome de que agora si se lles dea desde a Federación esa oportunidade que non me deron a min a esas rapazas de 18 e 19 anos, sub 23, que dan o salto desde a categoría xuvenil pero que aínda son moi novas para competir en sénior en igualdade de condicións con palistas xa curtidas. Se non te axudan a esas idades a compaxinar estudos e piragüismo, as deportistas acábano deixando. Ata este ano desde a Federación non se apostaba por levar a xente desa franxa de idade aos campionatos internacionais. E para poder chegar a competir ao máximo nivel internacional en categoría sénior é preciso ir dándolles mimos a estes piragüistas que veñen por detrás. Agora si se está a apostar polos deportistas. O que non era normal era o que se facía ata o ano pasado, que a selección se desprazara ao estranxeiro con só 10 palistas, e non cos 30 que van agora.

-¿Como comezou no piragüismo?

-Pois son a pequena de catro irmáns, e todos fixeran piragüismo. Eu xa quería comezar con 6 ou 7 anos, pero o adestrador das Torres non me deixaba tan pequena. Fíxeno aos 9. A miña irmá fóra xa ao Centro de Tecnificación de Pontevedra. A familia iamos sempre a ver competir os meus irmáns, e cando es unha nena, sempre queres ser como os maiores.

-En Catoira o piragüismo debe ser coma unha relixión...

-Claro. Tamén influíu iso á hora de dedicarme ao piragüismo. En Catoira, sendo un pobo de 3.000 habitantes, non hai moita oferta deportiva. Ou fútbol ou piragüismo. E en verán o piragüismo é o que máis chama a atención dos nenos. E o piragüismo, unha vez que se proba, engancha. É o deporte oficial de Catoira.

-Entón debe ser vostede unha profeta...

-Si -ri-. A verdade é que a min en Catoira sempre me trataron moi ben. Vivo en Palencia, pero sigo competindo polas Torres. Somos como unha familia. Catoira é un pobo pequeno, e coñecemos todos. Temos un moi bo ambiente. Nunca se me ocurriría competir por outro club.

-Leva anos sendo unha fixa na selección española de maratón. Co cambio na directiva e na dirección técnica da Federación Española de Piragüismo, ¿pensou en voltar a probar sorte en pista?

-Non, non. A verdade é que non voltei a coller a pista con ánimo. Cando es nova adéstraste só pensando na velocidade. Pero cando levas algún chasco, miras para adiante. Este ano rematei a carreira, e vou buscar traballo. E a pista esixe unha maior dedicación de tempo. De momento estou ben no maratón.

-¿Que agarda no Mundial?

-Gañar o Mundial de Maratón sería o mellor do mellor, pero está moi complicado polas húngaras. Cada vez acercámonos máis ao podio. Mara e eu andamos moi ben. A ver se hai sorte esta vez.

Compartir

[¿Cómo compartir?](#)

[Negadeth Directo Potente](#)

Al más puro estilo Heavy&Rock
Llama 637933998 e infórmate ya
[Negadeth.es](#)

[Calcular Seguros de Coche](#)

Compara 15 aseguradoras en 3
min. Ahorra hasta 500€ en tu
seguro
[www.AsesorSeguros.com](#)

Anuncios **Google**

- Lluvias intermitentes en la costa norte
- Facenda da orden de priorizar las inversiones en servicios básicos
- Macaulay Culkin es el padre biológico del tercer hijo de Michael Jackson, dice «The Sun»
- El cine español confía en «Ágora» y «Rec 2» para salvar la taquilla del año
- Walt Disney compra Marvel por 2.800 millones de euros

ULTIMA HORA EN EDICIONES

A Coruña

- El Puerto insiste en que presentó en junio el plan de viabilidad de Langosteira
- ¿Donde meto a los gemelos?
- La Xunta ve irreal la financiación del PGOM y su previsión de viviendas

Ferrol

- El nuevo jefe de Navantia abre en Ferrol el contacto con sus astilleros
- El marisco incautado este verano es solo el 0,3% del total de Galicia
- El Concello destina 800.000 euros a mejoras en los colegios públicos

Vigo

- Desconvocada la huelga indefinida en Viza
- El autor del incendio del edificio de siete plantas en Vigo usó gasolina como acelerante
- El Valedor do Pobo investiga la falta de medios de las urgencias del Xeral

Webs del grupo [RadioVoz](#) [Voz Audiovisual](#) [Sondaxe](#) [Canalvoz](#) [Voz Natura](#) [Fundación](#) [Prensa Escuela](#) [Escuela de Medios](#)
Anuncios Clasificados [Inmobiliaria](#) [Motor](#) [Empleo](#) [Mercadillo](#)
Tarifas web [Consulta](#)
Contacte con nosotros webvoz@lavo.es

[Aviso legal](#)
[Política de privacidad](#)
[Condiciones generales](#)
[RSS](#)



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)
Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección
General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.

Comercializa publicidad local:
Comercializa publicidad nacional: